

**SEN MEDO A MEDRAR
CREAMOS UNHA NOVA PALABRA**

**IES LAXEIRO
3º ESO Lingua galega
Marzo 2023**

Os alumnos e alumnas do IES Laxeiro de Lalín crean dous termos en galego para denominar a flor e os campos de árbores do xénero *prunus*. Ofrecen e propoñen “prunia” para designar a flor e “prunedo” para nomear os campos onde florecen as árbores do xénero *prunus* como son as cerdeiras, ameixeiras, pexegueiros, amendoeiras, escambrón...etc.

A primavera é tempo de agromar, de medrar, de florecer. A natureza amosa que todo o que está vivo agroma, medra e florece. O alumnado de 3º da ESO do IES Laxeiro de Lalín, queren que iso mesmo pase coa nosa lingua, que o galego medre e que perdamos o medo a facelo. Se a mellor receita para vivir é medrar cada día, o galego tamén ten que medrar e iso é cousa dos falantes.

Este é o resultado da actividade desenvolvida na materia de Lingua galega, baixo a dirección da profesora Begoña González Cuñarro: “CREAMOS UNHA NOVA PALABRA”

NECESIDADE DO TERMO

A actividade nace a propósito dos traballos de plantación dun bosque de cerdeiras, árbores da familia *prunus*, cuxo nome científico é *prunus avium*, o que xerou unha busca de terminoloxía en galego para designar a flor e máis o recinto no que se plantaron.

Non se atopou unha terminoloxía específica de forma similar á que existe noutras linguas. E así xurdiu a oportunidade de desenvolver unha situación de aprendizaxe na clase de Lingua galega sobre terminoloxía, formación e evolución das palabras.

PROCURA DE INFORMACIÓN

Na cultura oriental, concretamente na lingua xaponesa, si existe unha palabra para denominar a flor da cerdeira *sakura*, termo moi habitual e difundido nesa cultura e que, ademais, vai asociado a unha época de lecer, festiva e de celebración familiar que fai referencia á época de floración. Nese período o feito de mirar as flores se denomínase *hanami*.

O termo abruño, que designa o froito do arbusto *prunus spinosa*, tamén procede do mesmo étimo pero por vía patrimonial: *prunu(m)* > *pruneu(m)* > abruño.

De abruño proceden os derivados abruñeiro (designa o arbusto), abruñal e abruñado (lugar onde abundan abruñeiros).

Nos dicionarios galegos aparece o termo cerdeiral, que designa o lugar onde abundan as cerdeiras. Na nosa toponimia aparece ese e tamén outros moitos para designar esas zonas onde nacen cerdeiras, que dan conta da súa abundancia nalgúns partes de Galicia: Cereixal, Cereixedo, Cerdeiredo, Cerdeirido, Cerdido, Cerdedo.

Na nosa lingua tamén atopamos un exemplo específico para nomear a flor do toxo, que é chorima, ou exemplos concretos para designar lugares onde existe abundancia de plantas ou árbores dunha determinada especie. Por exemplo, temos os soutos para designar un bosque de castiñeiros; a carballeira para indicar que é un bosque de carballos; o pomar cando o recinto arbóreo é de maceiras (xénero das *malus*) entre outros.

Por outra banda, en castelán atopamos un termo específico para denominar a flor do laranxo, limoeiros e outras árbores do xénero *citrus*, que é *azahar*, pero tampouco se atopou un nome específico para as flores dos *prunus*. En galego as flores das laranxeiras reciben o nome de azar.

A singular beleza das flores das cerdeiras, das amendoeiras, dos pexegueiros, e das outras árbores do xénero *prunus*, dá lugar a un espectáculo co que nos agasalla a natureza cada primavera. Son das flores máis temperás. As que dan a benvida á primavera e nos amosan que o inverno vai quedando atrás e que a vida agroma e medra de novo.

Queremos contribuír con este espectáculo da natureza que cada primavera nos enche o espírito de ledicia e os ollos de fermosura e así, buscamos un nome que faga referencia a esta flor única e singular; que sexa a nosa achega e agradecemento á natureza estacional que nos regala cada ano esta estampa floral.

Esta foi a situación de aprendizaxe da que se partiu para desenvolver o traballo na aula. O resultado, resumido polos propios participantes, é o seguinte:

CREAMOS UNHA NOVA PALABRA

1.DIAGNÓSTICO.

Investigamos e descubrimos que nin en galego nin en castelán existe unha palabra para nomear a flor da cerdeira, tampouco para o lugar onde se agrupan varias destas árbores; investigamos no Valle del Jerte, con grande tradición de florecemento dos seus campos de cerdeiras e non atopamos referencias.

2.PESCUDAS.

Descubrimos que a flor da cerdeira chámase *sakura* en Xapón, onde existe unha celebración que leva ese nome para darlle a benvida á primavera en familia. O feito de contemplar as flores durante ese período chámase *hanami*. Vemos o vídeo sobre esta tradición xaponesa.

Ademais descubrimos que en Galicia temos nomes de flores relacionados coas árbores e arbustos como chorima (flor do toxo), azar (flor da laranxeira) ou arume (folla do piñeiro).



3.PECHE


Por último, recollemos o étimo e fixemos a súa evolución en palabras cultas e patrimoniais; dando como resultado final a nosa proposta:



Flor: PRUNIA

Lugar de cerdeiras e outras árbores *prunus*: PRUNAR OU PRUNEDO.

IMAXES DA SECUENCIA DIDÁCTICA NA AULA







	Patrimonial	Culta
PRUNVS =	prua, prú prúa	pruna prunia

- palatalizar a cont. inicial = PRUVIA > chuvia
- vocalización de grupo cul/b = LACTEO > leite
- perda do -N e -L intervocalico = LUNA > lúa

Descubrimos que a flor do Cerezo chamase *Sakura* en Xapón; unha celebración en Xapón leva ese nome onde dan a benvida a primavera en familia. O tempo no que estas árbores están en flor chámase *Hanami*.

Descubrimos en segundo lugar que en Galicia temos nomes de flores relacionados coas árbores froiteiras:

Charina → flor do toxo.

Azahar → flor do ~~paranxo~~.

Arume → folla do piñeiro.

Por último, recolleamos o étimo e fixemos a súa evolución en palabras cultas e patrimoniais; dando como resultado final a nosa proposta:

Flor: Prunja.

Lugar de cerezos: Prunedo / Prunar.

RESUMO DA PROPOSTA DOS ALUMNOS

Prunus é o nome científico do numeroso xénero de árbores e arbustos da familia rosaceae, ao que pertencen a cerdeira, a ameixeira, o pexegueiro e moitas outras árbores caracterizadas tanto polos froitos que producen como, sobre todo, pola espectacular beleza das súas flores.

Sobre a base desa raíz científica común *prunus* e derivando dela, os alumnos e alumnas propoñen os seguintes termos:

- ***Prunia***: flor das árbores do xénero *prunus* entre os que se atopan as cerdeiras, ameixeiras, pexegueiros, ...etc.

- ***Prunedo***: do mesmo xeito e, coa mesma metodoloxía, *prunedo* pode designar un campo, bosque ou recinto de árbores de flor do xénero *prunus*. O alumnado, logo de votaren entre *prunar* e *prunedo*, propoñen como termo ***prunedo***.

BIBLIOGRAFÍA

- DRAG. 2012. Real Academia Galega. 2012 (actualizado ata 2018). *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega [Disponible en <https://academia.gal/diccionario>].
- Martín, Elena: La historia del hanami, la contemplación de los cerezos en flor. Conde Nast Traveller, 2018.
- Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030: Estrategias de desarrollo sostenible 2030.
- Ministerio de Educación y Formación Profesional. INTEF: Cómo hacer un proyecto.2023
- NACIONES UNIDAS. Agenda 21: Programa de Acción para el Desarrollo Sustentable, Conferencia de las Naciones Unidas sobre el medio Ambiente y Desarrollo, Río de Janeiro, 3-14 Junio, 1992. NACIONES UNIDAS.

DISTRIBUCIÓN NAS REDES

<https://view.genial.ly/63f48267ff26d60017001fff/learning-experience-didactic-unit-como-se-crea-unha-palabra>